

## Rumba de San Martiño de Monzo (Trazo)

A aldeíña de Monzo  
moi bonita debe ser:  
ten un loureiro no medio  
que alumea sen arder.

Estreliña relumbrante,  
*daime* da túa *claridá*  
que quero seguir os pasos  
do meu amor que se vai.

Se souberas como eu teño  
o meu corazón por dentro,  
non me dabas unha fala,  
non tiñas atrevemento.

Tres días hai que non como  
senón unha laranxiña  
para ter a boca doce,  
para che falar meniña.

Tes unha cariña branca,  
éche da color da neve.  
Non hai moza neste mundo  
que máis suspiros me leve.